



Pilar Rojo reivindica a vertente humana das telecomunicacións e a súa incidencia na mellora da calidade de vida

- **A presidenta do Parlamento clausurou a Noite Galega das Telecomunicacións 2013**

Santiago, 25 de outubro de 2013.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, reivindicou hoxe o “o lado máis humano das telecomunicacións” e a incidencia dos dispositivos tecnolóxicos na mellora da calidade de vida das persoas.

A presidenta do Parlamento fixo estas reflexións durante a intervención de clausura da Noite Galega das Telecomunicacións 2013, celebrada na Toxa e na que foron entregados os Premios Galicia das Telecomunicacións e da Sociedade da Información.

A xuízo de Rojo Noguera, o sector das telecomunicacións, e a sociedade da información no seu conxunto constitúen “os grandes protagonistas da etapa histórica” actual, tanto polo seu “enorme efecto de arrastre sobre a economía”, como polo “cambio acelerado” que imprimen nos diferentes ámbitos, onde as TIC´s presentan un uso “masivo e cotiá”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia